

► 30 Novembro, 2017

A chegada de Lady Bubble había xa quince anos causara na vila unha certa conmoción. A mansión que levaba anos deshabitada éralle gorentosa ao alcalde pola súa ubicación e as súas dimensións, por iso, cáseque dende o primeiro momento comenza unha campaña de desprestixio contra a estafalaria veciña inglesa, alimentada quizais polo comportamento e pola aparencia da propia estranxeira que non dubidaba en manifestar o que pensaba e en continuar cos seus proxectos na procura dun mundo mellor.

As irmáns Noa e Sofi van actuar de ponte entre a veciñanza e a señorita Bubble fascinadas nun primeiro momento pola indumentaria, polo vehículo no que se despraza, Flash Bubble, pola mansión onde vive e pola compañía con quen comparte espazo: a gata Nefertiti e o neno Vincent e, ao final, por poñer ao servizo dos demais os seus coñecementos e a súa forma de entender o mundo.

Unhas clases aburridas, unhas normas que non enten-

# Amena e divertida

## O extraordinario mundo Bubble

MARÍA NAVARRO

den e o desexo de dar renda solta á creatividade leva ás irmás a abandonar o colexio en horario lectivo e aventurarse no mundo Bubble e, como transportadas en pompas de xabón, gozan dun universo marabilloso no que se enfrascan sorrisos en tarros de cristal, se cultivan bastóns de caramelo ou se fabrican soños para aquela xente que perdera a capacidade de fantasía. Tamén chantadas na realidade fanlle fronte a quen, temendo o descoñecido, actúa deixándose levar pola multitude e non se detén a pensar o que sucede ao seu redor.



Para todos ten a inglesa solución e explicación, palabras e actos que ensinan o verdadeiro

sentido da vida e do xuízo.

Leticia Costas pon neste libro -como xa acontecía noutros volumes anteriores da súa man e esperemos que así mesmo noutros futuros que

veñan- a imaxinación ao servizo da literatura, porque a vida cotiá e a fantasía camiñan xuntas para dende a terra ascender ao extraordinario mundo da ilustración e dende aquí invitar ao cambio e á transformación daquilo que non é xusto.

Trátase, sen dúbida, dun texto ameno e divertido que sorprende pola extravagancia e a utopía, pola claridade das palabras e polos tempos que manexa, polas esceas que presenta e polas imaxes que evoca e polo ton desenfadado e pola ensinanza que transmite.

*COSTAS, Leticia, A señorita Bubble (ils. Andrés Meixide), Ed. Xerais, Vigo, 2017, PVP. 12, 50 €*